

DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.:

DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE RESOLVE ENTENDER APROBADA DEFINITIVAMENTE A ESTRUCTURA DE CUSTOS E A FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS PARA A NOVA LICITACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESÍDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA

FEITOS

1 Logo de ver a xustificación da duración do contrato e a proposta da estrutura de custos do contrato para a nova licitación do *SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA*, que formula o 5/09/2025 a empresa especializada en servizos públicos e urbanos e infraestruturas medioambientais, *PW Advisory & Capital Services*, de acordo co artigo 103 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (en diante LCSP), e o Real decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española (en diante RD 55/2017).

2 E de ver que o Pleno da Corporación municipal, en sesión realizada o 26/09/2025, adoptou, entre outros, este acordo:

“1.8 PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Expediente núm.: 2025/C006/000001

Asunto: APROBACIÓN DA ESTRUCTURA DE CUSTOS E A FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS PARA A NOVALICITACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA.

ACORDO

O Pleno da Corporación municipal; logo de ver o expediente; e de ver o documento de xustificación da duración do contrato e proposta de estrutura de custos (Lote 1), da empresa *PW Advisory & Capital Services*, asinado por Santiago Ansaldo Adriaensens con data 5 de setembro de 2025; e a proposta de acordo da alcaldía ao Pleno da Corporación municipal. Expediente número: 2 025/C006/000001. Asunto: APROBACIÓN DA ESTRUCTURA DE CUSTOS E A FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS PARA A NOVA LICITACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA, asinada con data 17 de setembro de 2025; e o ditame favorable da Comisión informativa de Obras, servizos, urbanismo, mobilidade, medio rural e gandería de data 22 de setembro de 2025; por maioría simple dos presentes; (votos a favor sete: 7 votos dos concelleiros do grupo m. do PSdeG-PSOE; abstencións cinco: 5 abstencións dos concelleiros do grupo m. do PP e votos en contra ningún) e de conformidade coa proposta de acordo da alcaldía ao Pleno da Corporación municipal. Expediente número: 2025/C006/000001. Asunto: APROBACIÓN DA ESTRUCTURA DE CUSTOS E A FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS PARA A NOVA LICITACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA, asinada con data 17 de setembro de 2025, que se transcribe, aproba este acordo:

1.- Aprobar a á estrutura de custos do estudo económico e a fórmula de revisión de prezos para a nova licitación do contrato de **SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA**, elaboradas por PW Advisory & Capital Services, ao abeiro artigo 9 e concordantes do Real decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española para o fin de fixar nos pregos que rexan a licitación do contrato a revisión periódica de prezos aplicable ao contrato, de acordo a este resumo:

Tabla 5: Propuesta de estructura de costes del servicio

Estructura de costes	
Concepto	Municipio
Costes de personal	44,77%
Costes de explotación:	20,34%
Combustible	11,35%
Mantenimiento	7,77%
Seguros (no revisable)	1,22%
Cualquier otro coste de explotación	-
Otros costes de explotación: (no revisable)	12,34%
Alquiler, mantenimiento y seguro de las instalaciones (no revisable)	1,83%
Alquiler de vehículos (no revisable)	7,42%
Material auxiliar de los equipos (herramientas, equipamiento informático, terminales móviles, etc.) (no revisable)	1,62%
Equipamiento personal (Vestuario y EPI) (no revisable)	0,38%
Otros	1,09%
Control de calidad y Campañas de sensibilización (no revisable)	0,77%
Gastos Generales (no revisable)	5,09%
Beneficio Industrial (no revisable)	3,52%
Gastos de amortización y financiación (no revisable)	13,16%
TOTAL	100%

Tabla 6: Estructura de costes simplificada

Estructura de costes simplificada	
Concepto	% (s/ Total)
Personal	44,77%
Costes de combustible	11,35%
Costes de mantenimiento de vehículos y maquinaria	7,77%
NO REVISABLE	36,11%

2.- Someter a proposta de estrutura de custos a un trámite de información pública por un prazo de 20 días mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e no *Taboleiro de Edictos Electrónico municipal*, que se integra na Sede Electrónica deste Concello na dirección electrónica: (<https://sede.santacomba.es/sxc/gl/informacion/>).

Simultaneamente publicarase o texto íntegro da xustificación da duración do contrato e a proposta de estrutura de custos no perfil de contratante municipal, que se atopa aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

Se se presentasen alegacións no devandito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria que deberá incorporarse ao expediente de contratación.

Se non se presentasen alegacións, este acordo elevaríase a definitivo, se necesidade de adoptar un novo acordo.

3.- Incorporar a proposta de estrutura de custos resultante ao expediente de contratación para os efectos de fixar as fórmulas de revisión de prezos e a xustificación da duración do contrato.

4.- Realizado os trámites anteriores, comunicar a efectos informativos a estrutura de custos incluída no prego á Comisión de Prezos de Galicia da Xunta de Galicia.

5.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente”.



3 E de ver os antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Expediente Tedec núm.	2025/C006/000001	
A solicitude a cinco operadores económicos considerados representativos do sector <i>Coregal-Cogami Reciclado en Galicia</i> <i>Exavaciones y Obras Cerceda, SL</i> <i>Grupo FCC</i> <i>Transportes y Servicios Antelo, S.L.</i> <i>Urbaser, S.A.</i>		
O proposta de estrutura de custos (Lote 1)	05/09/2025	<i>PW Advisory & Capital Services</i>
O ditame da Comisión informativa de Obras, Servizos, Urbanismo, Mobilidade, Medio Rural e Gandería	22/09/2025	
O acordo do Pleno da Corporación municipal da aprobación inicial	26/09/2025	
O anuncio no <i>Boletín Oficial da Provincia da Coruña</i> (inicial)	07/10/2025	núm. 191
O anuncio no Taboleiro de Edictos Electrónico (Sede Electrónica)	02/10/2025	Anuncio de información pública
	02/10/2025	Proposta estrutura custos (PWACS)
	02/10/2025	Anuncio de información pública
	07/10/2025	Anuncio información pública BOP
O certificado de secretaría sobre a exposición pública	06/11/2025	Non se formulan
O expediente de decreto de aprobación definitiva	2025/G003/002005	

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A lexislación aplicable:
 - O RD 55/2017, establece unha nova metodoloxía para as revisións de prezos, co obxectivo da desindexación nos contratos do sector público no Índice de Prezos de Consumo (IPC); as condicións para a revisións de prezos artigo e os principios aos que deben suxeitarse todas as variacións de valores monetarios motivadas por variacións de custes. Tamén téñense en conta os seus artigos 5 e 9.
 - O artigo 103.2 e a disposición adicional segunda da LCSP.
2. No prazo de 20 días soltos de exposición pública, a contar desde o día seguinte ao da publicación do BOP da Coruña, non se formulou alegación ningunha reclamación ou suxestión, segundo a certificación de exposición pública que emite a secretaría xeral, polo que elevaríase a definitivo, sen necesidade de adoptar un novo acordo.

O Pleno da Corporación municipal, en sesión realizada o 26/09/2025, facultou expresamente á alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente.

Esta alcaldía é competente para ordenar a publicación, a execución e facer cumprir os acordos municipais.



De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Entender aprobada definitivamente a estrutura de custos e a fórmula de revisión de prezos para a nova licitación do *SERVIZO DE RECOLLIDA, CARGA E TRANSPORTE DE RESIDUOS MUNICIPAIS A VERTEDOIRO E PUNTO LIMPO (LOTE 1), NO CONCELLO DE SANTA COMBA*, que formula o 5/09/2025 a empresa especializada en servizos públicos e urbanos e infraestruturas medioambientais, *PW Advisory & Capital Services*, sen necesidade de novo acordo plenario.
2. Incorporar a estrutura de custos mencionada ao expediente de contratación para os efectos de fixar as fórmulas de revisión de prezos a xustificación da duración do contrato.
3. Publicar este decreto na Plataforma de Contratación do Sector Público e no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Santa Comba (Sede Electrónica).
4. Comunicar á Comisión de Prezos de Galicia da Xunta de Galicia, a efectos informativos, esta estrutura de custos que se aproba de xeito definitivamente.
5. Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que realice.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe
A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE